

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Luís Seoane do 05/12/1959

Colección:

Data: 05/12/1959

De:

Valentín Paz-Andrade;

Para:

Luís Seoane;

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita co membrete de Panair na marxe esquerda e inferior:] A BORDO DE UM "BANDEIRANTE" DA PANAIR DO BRASIL

Temáticas:

Figurando recuerdos; Artes; Artes visuais; Emigración; Espazos artísticos; Migracións; Panair;

Mencionados:

Isaac Díaz Pardo; Maruxa Seoane;

Transcrición da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Luís Seoane do 05/12/1959

5, dec. 59

Sr. D. LUIS SEOANE
BUENOS AIRES

Querido Luis:

Aproveito un anaco da miña nova pasaxe pol-o ar do Brasil, pra cancelar unha divida postal que teño contigo. Veño-a sentindo desde que recibín o teu novo libro de dibuxos, *Figurando recuerdos*, que Pilar i-eu agradecemos cordialmente. Pol-o intrés da obra e pol-a adicatoria, amostras de quente agarimo, as que ven quixeramos corresponder algun día prúsimo, con Maruxa e contigo, na Terra.

Galicia Emigrante deixa un exempro pol-o d-agora unico n-este tempo, dentro das pubricacións galegas. Merecía, pois, que as portadas, elemento fundamental da

obra, cobraran a vida autónoma que conquiren no libro. Lin o proemio, craro é, e fun avalado por algunha pinga de acedume que a bela prosa deita. Tes moita razón, e aínda con concencia da adversidade perdurante, coido que o marxe de tolerancia non se esgota. E con marxe ou sin él, séi ben como é de inxusta a Galiza d-arestora, co esforzo e valimento, moral e intelectual, dos seus fillos físicamente arredados.

Teño cavilado moito n-esta magoadora falla. Penso no noso deber xeneracioal, e dóime a pouca quentura que se atopa, en canto a fundar n-unha solidaridade desintresada e operante, un pensamento común axustado ao noso tempo. A intensidade do meu traballo profesioal –que é tamén socialmente necesario erguer ao máximo–, non me ten permitido facer senon unha parte moi pequena do que quixera tentar. Cecais agora, n-este orde, e xa por curtos anos, poida desenrolar unha tarefa mais sostida e profunda. Masi sô pra deixar algo na sementeira, como ti fas con valerosa entrega.

Teño moitos motivos pra confiar na vitalidade do sangue galego, como forza a mobilizar a prol de Galiza. Mais e preciso chamal-o con un novo linguaxe d-ideias. A miña penetración nos medios aparentemente alleos ao galeguismo esencial, lévame a descubrir fontes aínda cegas, que puderan manar arréu. Pouco ou nada se fai por poñelas a producir. De todol-os xeitos, temos que seguir facendo o que cada un poida.

Vou a ficar en Sao Paulo e Campo Grande (Mato Grosso), por un asunto profesional 8 ou 10 dias. Xa que Isaac retorna sobre o 20 moito me compracería coincidir. Eu iréi de Lisboa a Vigo, por tren, e non por Madride. Penso falar algo alí co-a Fundación Gulbelkian, pra tentar que axude a cultura galega. Ademais, d-alí parte un asunto de grande intrés pra economía galega, no terreo das realizacións practicas, no que veño traballando dende outubro, e teño fé en que se consiga.

Si en Campo Grande resolvera o asunto en poucos dias, cecais iría algúns a Buenos Aires. Coido pouco probable que poida facel-o.

Cordiaes apertas de

Valentín

Meu enderezo provisional en São Paulo: Dr. Vidal Reis, Barão de Itapetininga, 120.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.